

OBRADOIRO DE NADAL

Xoves 29 de decembro ás 17h no centro cultural. Inscricións no centro cultural, as prazas son limitadas. Dirixido a nenos/as de 5 a 12 anos.

CONCERTO DE NADAL DA ESCOLA DE MÚSICA

Venres 30 de decembro ás 19:00h actuación dos/as alumnos/as da Escola de Música, no centro cultural. Dirixido a todos os públicos.

IMOS CANTAR OS REIS

Martes 3 de xaneiro ás 17:00 ata as 20:00h no centro cultural. Dirixido a nenos/as de todas as idades e as súas familias.

Obradoiro participativo de recuperación dos Cantos de Reis. A sesión divídese en tres partes: obradoiro de construción de instrumentos sonoros e Cantos de Reis, saída para cantar os Reis e visitas a establecementos do contorno pedindo o aguinaldo e despois merenda no centro cultural.

Prazas limitadas. Inscricións no centro cultural a partir do 19 de decembro.

OBRADOIRO DE CARBÓN DE REIS

Mércores 4 de xaneiro ás 17h no centro cultural. Dirixido a maiores de 6 anos. Prazas limitadas, inscricións no centro cultural a partir do 19 de decembro.

GRAN CABALGATA DE REIS

Día 5 de xaneiro ás 18:00h.

R/ do Portiño, R/ Insúa, Praza de Alexandre Bóveda, R/ do Medio, R/ do Portiño, Avda. de Compostela, Praza da Foca, Avda. da Garabanxa, R/ da Cultura, R/ Río Lengüelle, Avda. de Compostela, R/ Xuncal, Recepción na Casa do Concello das súas Maxestades ás 18:15h, R/ da Cultura, R/ do Campo, R/ do Deporte e chegada ao Pavillón de Deportes arredor das 19:00h. Alí haberá caramelos e inchables para todos/as!!(O Pavillón de Deportes non se abrirá ata pasadas as 18:30h.)

Para colaborar como paxe/pastorcillo na cabalgata é necesario que acudas ao centro cultural para inscribirte ou no 981 690 903.

NADAL **MAXIA** OROSO

2016-17



**TEATRO
CHRISTMAS CAMP**

**FESTIVAL DO CRA
VISITAS DOS PAXES**

EXCURSIÓN: BOLERA E
PATINAXE SOBRE XEO
MERCADO DE ARTESANÍA
TORNEO DE PÁDEL
CAMPAÑA DE ANIMACIÓN Á LECTURA

**BAILE
PARA
MAIORES**

CONCURSO DE POSTAIS
CONCERTO DE PANXOLIÑAS
BELÉN VIVENTE DA GARDERÍA A ULLOA

GRAN CABALGATA DE REIS
CONCERTO DE NADAL DA ESCOLA DE MÚSICA

CAMPUS DE FÚTBOL

OBRADOIROS

**NADAL SOBRE
RODAS**

Organiza:

CONCELLO D
OROSO
coa cultura

Colaboradores:

Deputación
DA CORUÑA XUNTA
DE GALICIA

CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL CON MENSAXE *(ver publicidade específica)*. Prazo de entrega das postais ata o 15 de decembro, na Biblioteca Municipal. Dirixido a maiores de 4 anos.

CAMPAÑA DE ANIMACIÓN Á LECTURA *(ver publicidade específica)*
Sábados 3 e 17 de decembro ás 11:00h, dirixida a maiores de tres anos (inscrición previa na Biblioteca Municipal)
Venres 23 de decembro, Club de Lectura ás 18:00h
Venres 30 de decembro, obradoiro ás 18:00h (A rebotica dos contos), dirixido a maiores de 4 anos (inscrición previa na Biblioteca Municipal).

BELÉN VIVENTE DA GARDERÍA MUNICIPAL A “ULLOA”
Venres 16 de decembro, Belén vivente da Gardería “A Ulloa” no centro cultural ás 18:00h. Dirixido a todos os públicos.

BAILE DE NADAL PARA MAIORES *(ver publicidade específica)*
Sábado 17 de decembro, partir das 19:30h. no centro cultural. Actuación do Grupo Channel. Dirixido á terceira idade.

FESTIVAL DO CRA
Mércores 21 de decembro en horario de mañá no centro cultural.

VISITAS DOS PAXES REAIS
O mércores 21 de decembro un carteiro Real e un paxe Real recollerán as cartas dos nenos/as das garderías: Trastes, A Ulloa e da Chousa Nova, e as dos/as alumnos/as do C.R.A. e acudirán tamén ao Fogar Residencial Porto Avieira, en horario de mañá.

CHRISTMAS CAMP *(ver publicidade específica)*
Días: 22, 23, 26, 27, 28, 29 e 30 de decembro e 2, 3, 4 e 5 de xaneiro (11 días), no CEIP Camiño Inglés. Dirixido a nenos/as escolarizados/as.

TEATRO DA SEMENTE “GRETEL E BELA”
Xoves 22 de decembro ás 18h no centro cultural. Dirixido ao público familiar (a partir de 6 anos).

MERCADO DE ARTESANÍA *(Ver publicidade específica)*
Venres 23 de decembro, nas rúas Xuncal e Lengüelle de 10 a 14h e de 16 a 21h. Información e inscricións no centro cultural.

CONCERTO DE PANXOLIÑAS
O venres 23 de decembro ás 20:30h no centro cultural. Dirixido a todos os públicos.

NADAL SOBRE RODAS EN FAMILIA *(Ver publicidade específica)*
Días: 26, 27, 28, 29 e 30 de decembro. De 08:30 a 14:30h.
Máis información e inscricións nas oficinas do centro deportivo ou a través do Club Patín Oroso.

I CAMPUS DE NADAL ESCOLA DEPORTIVA XUVENTUDE DE OROSO *(Ver publicidade específica)*
Do 26 de decembro ao 5 de xaneiro de 10 a 14h. Máis información e inscricións, no centro deportivo ou a través da Escola Deportiva de fútbol.

EXCURSIÓN: BOLERA E PATINAXE SOBRE XEO *(Ver publicidade específica)*
Luns 26 de decembro, excursión gratuíta á “bolera” Solbowling en Santa Cristina – Oleiros, partidas de birlos, xantar e despois a patinar sobre xeo. Dirixido a partir de 11 anos. Información e inscricións no centro cultural.

MAXIA
O Mago Linaje co espectáculo “La magia de la Navidad”.
Mércores 28 de decembro ás 18:00h no centro cultural. Dirixido a todos os públicos.

TORNEO DE PÁDEL XUVENTUDE *(Ver publicidade específica)*
Venres 29 e 30 de decembro, en horario de mañá. Último día de inscricións, o luns 26 de decembro. Prazas limitadas. Inscricións e información no centro deportivo.